



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do concello

DATA: 13 de maio de 2015

HORA DE COMEZO: 20.00 horas

HORA DE REMATE: 21.15 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Recoñecemento extraxudicial de facturas**
- 3. Dar conta liquidación 2014**
- 4. Aprobación modificación presupostaria**
- 5. Modificación da ordenanza reguladora do IVTM**
- 6. Modificación da ordenanza reguladora da piscina municipal**
- 7. Finalización do contrato de abastecemento e rexeitamento alegación de Espina&Delfín**

8. **Moción número 15/891 presentada polos concelleiros Perfecto Barcala e Xabier Canabal**
9. **Información da alcaldía**
10. **Rogos e Preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Cos votos a favor de todos os presentes neste momento, apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 28 de abril de 2015.

2.Recoñecemento extraxudicial de facturas

Con data 14 de xaneiro, núm. 15/62, a empresa Montaxes Eléctricos Fernández, SL, presentou a relación de melloras executadas entre decembro de 2012 e decembro de 2014, para cumprir coas cláusulas do contrato que asinou con esta entidade o día 3 de decembro de 2012, para a realización do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público de Boqueixón.

Posteriormente revisouse toda a documentación e o día 18 de febreiro, enviouse un escrito á empresa onde se comentaban varios puntos a ter en conta nas melloras presentadas. Nun deses puntos dise que non se aceptan como melloras as núm. 12 e 16, que deben ser presentadas como facturas.

O día 10 de abril, teñen entrada no rexistro municipal as facturas correspondentes para a súa tramitación e pagamento correspondente.

Hai que ter en conta que as obras facturadas foron realizadas no ano 2013, polo tanto as facturas deben ser recoñecidas extraxudicialmente; e por outro lado, **en cumprimento do art. 88.4 da Lei 37/92, de 28 de decembro que regula o IVE, o empresario perde o dereito á repercusión do IVE cando transcorre un ano desde a data do devengo.**

Vistas as facturas número 1088 e 1089 de Montaxes Eléctricos Fernández SL, por reposición de luminarias no ano 2013, o concelleiro do PS de G – PSOE señor Barcala Mosquera di o seguinte: Montaxes Eléctricos Fernández, presenta dúas facturas correlativas no número de factura, cousa moi estraña xa que unha é de febreiro e outra de xuño do ano 2013.

1ª-Factura número 1088, data de emisión 27-03-2015, polo concepto de colocación de farol ornamental rota por vehículo descoñecido en Lestedo, xunto á “Panadeira”, o día 30-02-2013.

¿Dende cando febreiro ten 30 días? Que eu saiba ten sempre 28 días , agás cando é bisesto que ten 29.

Pero, si o do 30 de febreiro é raro, non é menos raro que as dúas roturas de farois se produciran o día 30, unha o día 30 de febreiro e outra o día 30 de xuño. Si isto nos parece chocante e “cantoso” aínda hai máis: as horas de traballo do camión grúa en febreiro factúranse a razón de 44,00 € hora e en xuño a razón de 42,90 € hora.

Sen embargo, a suma total de 2 horas de camión grúa é sempre 88,00 €. No primeiro caso sería de 88,00 € e no segundo de 85,80 €.

Só por este erro a factura número 1089 ten que ser devolta, e non pode ser aboada neste pleno, pois estaríannos cobrando de máis.

Hai máis cousas nestas facturas que si se comparan convencen facilmente, pero non as vou mencionar porque é suficiente co que dixeron.

Conclusión, non me canso de repetir que nunca aprobarei facturas extraxudiciais, que non o sexan realmente, e estas non o son de ningunha maneira.

A continuación o señor Canabal di que é o mesmo de sempre polo que se mantén na mesma postura

Di así mesmo o señor Canabal que estas facturas, en principio a empresa incluíaas entre as melloras e posteriormente previo requirimento do concello foron excluídas.

Pregunta o señor Canabal se é para esixir o pago á compañía de seguros.

Respóndelle o señor alcalde, que non, porque nunca se coñeceu ó responsable da rotura dos farois. O mesmo, segue dicindo o señor alcalde aconteceu nestes días con outra luminaria que apareceu rota, cerca da residencia de Codeso e non se coñece ó autor da rotura.

Neste intre, cando son as 20.15 horas chega o concelleiro señor Jesús J. Santasmarinas.

Sen máis e tendo en conta os erros detectados polo señor Barcala e comprobada a veracidade de ditos erros, deixase este punto sobre a mesa para a corrección das facturas e posterior recoñecemento nunha próxima sesión plenaria.

3.Dar conta liquidación 2014

Dase conta da liquidación presupostaria 2014 da que resulta o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria e:

Remanente de tesourería positivo: 677.235,29 €

Superávit presupostario: 208.074,27 €

Resultado presupostario: 373.919,18 €

Aforro bruto: 513.106,28 €

Aforro neto: 290.538,55 €

4.Aprobación modificación presupostaria

A Comisión de Contas, que tivo lugar o 7 de maio de 2015, en base ós seguintes antecedentes:

Con data 30 de marzo de 2015 remítese ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos correspondentes ao presuposto 2014 do cal resultou un superávit presupostario de 208.074,27 €.

Este concello ten un nivel de débeda viva de 621.350,05 €.

Tendo en conta que, a disposición adicional novena do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, establece en relación co destino do superávit presupostario das entidades locais do ano 2014 a prórroga para o 2015 da aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira para o que se deben ter en conta a disposición adicional decimosexta da lei reguladora das facendas locais.

Tendo en conta, que **o artigo 32 da citada Lei Orgánica 2/2012** de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira establece que no suposto de que a liquidación presupostaria se sitúe en superávit este destinarase a reducir o nivel de endebedamento e que **a disposición adicional sexta da mesma lei** establece que sempre que se dean as dúas seguintes circunstancias: a) que se cumpran ou non superen os límites de autorización de operacións de endebedamento b) que o exercicio anterior presente simultaneamente superávit e remanente de tesourería positivo, as corporacións locais deberán destinar o superávit ou si fose menor o remanente de tesourería, a atender as obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior e a cancelar o resto das obrigas pendentes de pago contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio e no caso de que, atendidas estas obrigas, siga manténdose con signo positivo o superávit, deberá destinarse, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes para non incorrer en déficit. E só no caso de que se cumpra o previsto nos apartados anteriores segue manténdose saldo positivo do superávit este poderase destinar a financiar investimentos financeiramente sostibles.

Tendo en conta, así mesmo, que a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no artigo 28 apartado f) establece que **o incumprimento** da obriga de destinar integramente os ingresos obtidos por encima dos previstos no presuposto á redución do nivel de débeda pública **e o incumprimento** da obriga de destinar o superávit presupostario á redución do nivel de endebedamento, constitúen infraccións moi graves, e visto o informe de secretaría intervención segundo o cal a esta data non existen facturas pendentes de aboamento contabilizadas a 31 de decembro de 2014 posto que xa foron aboadas con cargo ao presuposto 2015, inda que é necesario suplementar a partida correspondente á seguridade social polo importe aboadado no 2014 e pendente de aplicación ao de 2015, **acordou favorablemente**, cos votos a favor do PP e en contra do PSOE e do concelleiro non adscrito, a modificación presupostaria número 1, e que logo se detalla.

A continuación o señor Barcala di que aínda que por unha banda estou de acordo en que o remanente de tesourería se destine unha parte a amortizar a débeda, ou máis ben dito, os préstamos e hipotecas, subscritos no seu día non se sabe moi ben en base a que necesidades, teño que subliñar que as necesidades do concello a día de hoxe son moi grandes, e ímonos quedar sen cartos practicamente para nada.

Pero estas son as consecuencias da nefasta política económica, do equipo de goberno do PP de Boqueixón que é incapaz de facer fronte o seu partido que a nivel nacional e autonómico, solo mira polos intereses económicos da banca, aínda que esta non cumpre ás súas obrigas de devolver os cartos que lle prestamos para saneala, e a día de hoxe solo devolveron un escaso 5% do capital prestado, e sen embargo as corporacións locais, áttannos de pés e mans para que non poidamos facer nada máis que devolver o préstamo rapidamente.

Sería conveniente que foran tan esixentes cos bancos como son con concellos, pero aí vese que teñen medo e son covardes, díganlle os dirixentes do seu partido que non están de acordo con este tipo de política económica ruín para os concellos que está a facer o PP.

Superávit ano 2014, concello de Boqueixón 208.074,06 €.

Destino:

a- Seguridade social funcionarios 8.922,06 €

b- Partida amortización préstamo 185.606,33 €

O sentido do seu voto é negativo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do PSOE e do concelleiro non adscrito acórdase:

1. Destinar o importe do superávit do ano 2014 cuxa contía ascende a 208.074,27 € ás seguintes partidas do presuposto 2015:

a) Partida 920.160 (seguridade social funcionarios): 8.922,06 €

Partida 153.2.160 (seguridade social laborais): 13.545,88 €

b) Partida 011.913 (amortización préstamo): 185.606,33 €

2. Con esta modificación o presuposto de ingresos e gastos quedará como se detalla:

Estado ingresos					Estado gastos				
Cap.	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo	Cap.	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo
1	757.600,00	--	--		1	1.197.756,33	22.467,94	--	1.220.224,27
2	12.000,00	--	--		2	1.099.070,54		--	1.099.070,54
3	319.200,00	--	--		3	12.400,00		--	12.400,00
4	1.345.154,00	--	--		4	33.500,00		--	33.500,00
5	1.500,00	--	--		5	-		--	-
6	-	--	--		6	383.737,01		--	383.737,01
7	335.392,04	--	--		7	-		--	-
8	3.000,00				8	3.000,00		--	3.000,00
9	-	--			9	44.382,16	185.606,33	--	229.988,49
Total	2.773.846,04		---		Total	2.773.846,04	208.074,27	---	2.981.920,31

2. Expoñer ao público durante 15 días mediante publicación no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web do concello e considerar definitivamente aprobada a modificación presupostaria no caso de non presentarse reclamacións.

5.Modificación da ordenanza reguladora do IVTM

A Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de Boqueixón, modificada no Pleno ordinario celebrado o 14 de setembro de 2011, establece no seu artigo 7.1 (Exencións) que están exentos do imposto os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

O artigo aclara que se consideran persoas con minusvalía as que teñen esa condición legal en grao igual ou superior ao 33%.

O mesmo artigo, no seu apartado 2 establece que, para os efectos de solicitar a exención dos vehículos conducidos por persoas con discapacidade ou destinados ao transporte de minusválidos, cómpre presentar a fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Concellería de Asuntos Sociais no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.

Con data 4 de decembro de 2013 entrou en vigor o Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

A dita lei establece no seu artigo 4.2 (titulares dos dereitos) que, a todos os efectos, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñecera un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas das clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Por outro lado, no mesmo art. 7 no seu punto 2 especificase a documentación que hai que enviar á Deputación para solicitar a exención do imposto de vehículos tanto polos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados ó transporte de minusválidos.

Na redacción figura que a exención queda condicionada á liquidación de débedas pendentes do concello por tódolos conceptos e tamén á emisión de informe oportuno, en caso necesario da policía local.

É preciso matizar esta documentación debido a que este concello ten a maior parte dos impostos e taxas delegadas na Deputación da Coruña para que se xestione o seu cobro. As únicas taxas que o concello xestiona directamente son as relativas ás licencias que tramita o Departamento de Urbanismo, e as taxas de saneamento e auga cuxa xestión leva a empresa Espina y Delfín, SL

Polo tanto, para precisar o contido do informe que se debe emitir, para a procedencia da exención que soliciten os interesados, é conveniente modificar a redacción deste punto, para o que se creará un 3º apartado que estará redactado do seguinte xeito:

3. Con referencia ás exencións reguladas no parágrafo e) do art. 1 cuxa documentación necesaria se relaciona no art. 2, establecer o seguinte:

A concesión da exención queda condicionada a que o/a solicitante non teña débedas pendentes co concello por tódolos conceptos. Para isto, o concello emitirá informe no que conste que o interesado non ten débedas pendentes de impostos, taxas ou prezos xestionados directamente e a Deputación comprobará que non existan débedas nos impostos/taxas que teña delegada a súa xestión.

O señor Barcala di que lle parece de sentido común que non se de unha exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a ninguén que teña débedas co concello.

Por unanimidade acórdase:

Primeiro- Aprobar inicialmente a modificación do parágrafo 7.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, quedando redactado o punto 1 do apartado **Vehículos conducidos por persoas con discapacidade** e do apartado **Vehículos destinados ao transporte de minusválidos** da seguinte forma:

1.- Fotocopia do certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería Traballo e Benestar no que conste o grao e clase de discapacidade padecida ou calquera outro documento que acredite a equiparación á condición de persoa con discapacidade igual ou superior ao 33% segundo o disposto no apartado 2 do artigo 4 do Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro.

Segundo- Aprobar inicialmente a modificación deste mesmo artigo introducindo un novo apartado no que se diga o seguinte:

3. Con referencia ás exencións reguladas no parágrafo e) do art. 1 cuxa documentación necesaria se relaciona no art. 2, establecer o seguinte:

A concesión da exención queda condicionada a que o/a solicitante non teña débedas pendentes co concello por tódolos conceptos. Para isto, o concello emitirá informe no que conste que o interesado non ten débedas pendentes de impostos, taxas ou prezos xestionados directamente e a Deputación comprobará que non existan débedas nos impostos/taxas que teña delegada a súa xestión.

Terceiro- Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, durante 30 días e considerar o acordo definitivamente adoptado no caso de non presentarse alegacións ou reclamacións.

6.Modificación da ordenanza reguladora da piscina municipal

Propónse para a súa aprobación no vindeiro pleno do mes de maio 2015 a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público da piscina municipal polos motivos que se pasan a expoñer:

“Ao longo destes pasados anos víñanse tendo numerosas suxestións e mesmo queixas, por parte dos usuarios dos cursos de piscina, á hora de facer o pago dos custos do curso de natación que se imparten no verán. Si ben ata agora os usuarios tiñan que mercar por unha parte un bono para a piscina e por outra parte pagar o custo do curso. A partir de agora, queremos, coma sempre, atender as demandas dos nosos veciños e veciñas e unificamos ditos custos en un. Así, á hora de anotarse a un curso de natación, soamente terán que aboar o custo do mesmo, o cal non se vai a incrementar.

Deste xeito, o usuario aforra trámites e o concello aforra o traballo de realización e produción dos bonos e mesmo o persoal que ata agora tiña que estar pendente de vendelos e quitar cada día, na entrada ao curso, a parte do bono correspondente.

Asemade, outra demanda que os veciños e veciñas solicitaban era a posibilidade de que estes cursos se impartiran máis días por semana. Por iso, a partir de agora e dependendo tanto dos recursos dos que se dispoña en cada tempada ou mesmo polas necesidades do servizo, o concello poderá impartir 2 días por semana, como viña sendo ata agora, ou máis”.

O señor Canabal solicita á concelleira responsable do departamento que explique esta modificación porque é un pouco confusa, e parece que se producen incrementos nos prezos.

A concelleira dona Raquel García Fraga di que non hai incremento de prezos. Di que coa actual ordenanza estase aboando o prezo por asistir aos cursos e tamén por o bono, pero hai persoas que non lles interesa ser socios.

Con esta modificación , os usuarios pagarán o mesmo pero nun só pago e por outro lado, coa ordenanza actual só se podían facer cursos ata un máximo de dous días á semana. Agora preténdese que se a situación económica do concello o permite, ou si se permite contratar persoal, se poidan facer máis, polo menos catro á semana.

Con esta modificación non é necesario comprar un bono.

O señor Barcala di: “sobre este punto teño que manifestar, que non é o mesmo ir á piscina facer un cursiño de natación que ser usuario libre da piscina. Supoño que haberá xente que só quere gozar do baño e practicar natación, e outros que necesitan un cursiño para aprender a nadar. Penso que son dúas necesidades distintas dos veciños/as de Boqueixón. Polo tanto non estou para nada de acordo con unificar a tarifa única para dúas cousas distintas. O que si me gustaría e que houbera un control rigoroso da utilización da piscina”.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do PSOE e do concelleiro non adscrito acórdase:

1. Modificar o **artigo número 4 da ordenanza, referente aos cursos de natación**, quedando do seguinte xeito:

- Nenos/as: 5 € ao mes, por cada día da semana que se imparta o curso.
- Adultos/as: 12 € ao mes, por cada día da semana que se imparta o curso.

2. Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, durante 30 días e considerar o acordo definitivamente adoptado no caso da non presentación de alegacións ou reclamacións.

7.Finalización do contrato de abastecemento e rexeitamento alegación de Espina&Delfín

O pleno da corporación na sesión realizada o día 11 de marzo de 2015, acordou aprobar a seguinte proposta de acordo:

- Non prorrogar o contrato de concesión de explotación do servizo de abastecemento de auga potable do municipio asinado con Espina Delfín.
- Comunicar a Espina Delfín que deberá aboar ao Concello de Boqueixón o importe de 127.407,97 €, tal como se deduce do estudo económico que se detalla nos antecedentes 9,10 e 11 da referida proposta.
- Darlle un prazo de 10 días para a presentación de alegacións.

Con data 27 de marzo de 2015, rexistro de entrada núm. 15/543, Espina Delfín presenta alegacións sobre a improcedencia de asumir o custo da enerxía eléctrica do bombeo e da ETAP.

Alega Espina Delfín que, a non asunción pola empresa contratista dos custos derivados do consumo de enerxía eléctrica constitúe unha condición económica **expresamente pactada** no contrato administrativo co concello o 21 de xullo 2004.

Sen embargo, no referido contrato non se reflicte tal pacto; senón que, pola contra, na cláusula primeira indícase expresamente: “o presente contrato ten por obxecto, **de conformidade coas condicións establecidas no prego de condicións económico – administrativas formulado polo concello**, a xestión do servizo de abastecemento de auga potable no municipio de Boqueixón”.

Na cláusula cuarta establécese que o concesionario se compromete a “ter en servizo os medios materiais e persoais necesarios para a prestación do servizo, así como as **demais instalacións e elementos** afectos en exclusiva ao mesmo”.

Por último na cláusula sexta, “**o concesionario declara coñecer o prego de condicións económico – administrativas, que forma parte integrante deste contrato**”.

Por outro lado, en canto á exclusión expresa da asunción dos custos eléctricos do bombeo de Donas e depuradora de Orto formulada por Espina Delfín na súa proposición económica, débese ter en conta:

1. A oferta económica aceptada e asumida polo concello mediante a adxudicación, foi a que propuxo a mesa de contratación que valorou a oferta conforme aos criterios de adxudicación fixados no prego e, a cláusula número 40 establece no apartado 2), como criterio valorable, o coñecemento das instalacións e da rede existente no municipio con 10 puntos. A mesa outorgou, precisamente a máxima puntuación, polo que se supón que a empresa tiña coñecemento das instalacións e da rede e, aínda así, presentou a correspondente oferta e asinou o contrato sen que en ningún momento, se sinalara a exclusión do consumo enerxético nin no contrato, nin na propia oferta económica, segundo o modelo de proposición presentado.

Certamente no estudo económico aparece 0 € en consumo enerxía, pero tamén é certo que dun xeito cando menos ambiguo, pois pon bombeo de Pontillón en río Ulla e E.T.A.P de Orto, para logo sinalar “total enerxía eléctrica saneamento” cando o contrato en cuestión é o de abastecemento.

2. Na oferta económica presentada a empresa di ter coñecemento do prego de condicións económico – administrativas e demais documentos que integran o expediente e aceptar na súa integridade as condicións económico - administrativas referentes ao concurso para a concesión da xestión integral do servizo.

3. Na oferta económica presentada solicita unha subvención de 0,0554 €/m³ facturado, pero non solicita que se exclúan os custos da enerxía eléctrica do bombeo e da ETAP, e para a determinación desta subvención prevía un custo do servizo para o cal tiña coñecemento de todos os elementos que o integraban, así como dos importes das tarifas a aboar polos usuarios. Descoñécense os motivos polos que a empresa excluíu os custos do subministro eléctrico do bombeo e da depuradora para elaborar e presentar a súa oferta, de ser este o caso. De todas formas, o concello tivo que aboarlle a subvención solicitada pero se a empresa elaborou o seu estudo económico mudando o contido do prego, non se pode achacar este erro ao concello, que adxudicou o contrato sempre tendo en conta literalmente a proposta efectuada por Espina Delfín, segundo o modelo de proposta que formaba parte do prego e que foi publicada.

En canto a que se podería declarar deserto o concurso tal como alega Espina Delfín, e desde a perspectiva do tempo transcorrido, resulta claro que daquela non se conseguiría resolver a cuestión obxecto desta alegación (reintegrar os custos do subministro enerxético aboados polo concello), pois non só se presentou unicamente Espina Delfín nesta licitación, a pesares de publicarse o anuncio no BOP, no DOG e na prensa, senón que na similar licitación do servizo de saneamento cuxo prego se aprobou en pleno do 9 de maio de 2007 e contra do cal interpuxo alegación -inda que non oferta- a empresa Aquagest, e que foi así mesmo publicado no BOP, no DOG e en prensa é tamén se presentou unicamente Espina Delfín e neste último caso, o pleno en sesión do 9 de febreiro de 2008, si acordou deixar deserto o concurso.

Posteriormente en pleno do 13 de xaneiro 2010, acordouse novamente iniciar a contratación do servizo de saneamento e publicar a licitación no BOP, no DOG e no perfil do contratante- novamente Aquagest presenta alegación pero non oferta- e unicamente, unha vez máis, só presenta oferta Espina Delfín á que finalmente lle foi adxudicado o contrato de saneamento

En definitiva, o abastecemento é un servizo mínimo obrigatorio (o mesmo que o saneamento) que, o concello ten que prestar aos veciños independentemente do número de habitantes e do presuposto municipal e en consecuencia sen importar o número e/ou cualificación na materia do persoal municipal, polo que a información é totalmente asimétrica posto que as empresas ofertantes teñen máis información sobre a estrutura e o funcionamento do mercado que o propio órgano licitador, neste caso o Concello de Boqueixón.

En canto á compensación/subvención aboada á empresa por importe de 0,0554 €/m³, efectivamente foi aceptada expresamente esta condición porque especificamente se incluía na oferta económica, no apartado 2, parágrafo 2 no que se establece que “a subvención a percibir polo concesionario é de 0,0554 €/m³ facturado e ademais se incluía na cláusula **segunda** do contrato asinado, que establece “o prezo da solicitude de subvención é de 0,0554 € por cada m³ facturado aos abonados do servizo incrementándose anualmente no IPC.

Pola contra, nada se incluía dos custos enerxéticos do bombeo e da depuradora, nin no contrato nin na proposición económica, inda que no estudo económico da proposta presentada hai o erro ou problema xa descrito de citar o bombeo e E.T.A.P de saneamento con custo 0 € de subministro eléctrico.

Por último, dicir que non se trata de ir contra dos propios actos, nin vulnerar os principios de confianza lexítima na actuación da administración, nin da boa fe contractual. Trátase de que as obrigas que nacen dos contratos, teñen forza de lei entre as partes contratantes e deben cumprirse tal como así establece o artigo 1091 do código civil. Trátase de que o contrato quedou perfeccionado desde o momento no que se adxudicou e, o adxudicatario o aceptou e, de feito asinouse o contrato con data 21 de xullo 2004. Trátase de que os contratos axustaranse ó contido dos pregos, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos mesmos tal como establece o art. 115.3 da Lei de Contrato das Administracións Públicas. Trátase de que non se acordou ningunha modificación posterior á sinatura do contrato pola que se decida excluír os custos do subministro enerxéticos do bombeo e da E.T.A.P e trátase, por último, de que o prego de cláusulas non fai alusión algunha á potestade de “ ius variandi”, polo que con máis razón se debe entender a imposibilidade de efectuar modificacións do mesmo.

Por todo o cal propónse ó Pleno rexeitar a alegación presentada.

A continuación o señor Canabal di que claramente no prego existen dúas condicións:

1. Que a concesionaria sería a encargada da vixilancia, control e mantemento das estacións de bombeo e ETAP.
2. Que as obras de ampliación e renovación do abastecemento son de exclusiva conta do concello.

Sen embargo para facer os cálculos cuantifícanse as obras que emanan, polo tanto, de contratos irregulares. En consecuencia, entende o señor Canabal, que isto non corresponde facelo ao concello, senón que, correspondería á xudicatura, no seu caso.

Responde a secretaria - interventora que, tendo en conta tamén que o prego establece que as obras si corresponderían á corporación pero tamén que poderían adxudicárllela ao concesionario comprometéndose, neste caso, o concello ao seu aboamento. E neste senso, o concello si aprobou as correspondentes memorias valoradas e as correspondentes certificacións de execución das referidas obras.

Consecuentemente, o concello é responsable da execución das obras realizadas.

A continuación o señor Barcala di: “Teño que manifestar que os concelleiros da oposición son os que teñen que solucionar un problema que atinxe os veciños/as de Boqueixón nun tema capital como é o do abastecemento de auga. Foi grazas as nosas advertencias, que o equipo de goberno do PP, se decatou de que fixera un contrato ilegal na concesión do abastecemento no ano 2004. Esa é unha labor que vostedes non fixeron, que outras moitas despois quíxanse de que según vostedes, nos fagamos unha oposición destrutiva.

Pois non señores do PP. Aquí teñen unha mostra de que a oposición é construtiva e vela máis que vostedes polos intereses dos seus veciños/as.

O sentido do meu voto é positivo á finalización do contrato de abastecemento e rexeitamento da alegación de Espina & Delfín. Desexo e espero que a nova corporación que xurda das urnas o día 24 de maio, solvente este problema co consenso de todas as forzas políticas elixidas. Desde Espina & Delfín, 127.407,97 € ¿vaise cobrar esta débeda, e cando?

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e do PSOE e co voto en contra do concelleiro non adscrito acórdase:

- 1) Rexeitar a alegación presentada por Espina Delfín S.L, con data 27 de marzo 2015, núm. de rexistro entrada 15/543, sobre a improcedencia de que Espina Delfín

asuma o custo de enerxía eléctrica, e consecuentemente manter o importe de 127.407,97 € a aboar por Espina Delfín ao concello de Boqueixón.

2) Non prorrogar o contrato de concesión de explotación do servizo de abastecemento de auga potable do municipio de Boqueixón

3) Solicitar á empresa a continuación do servizo ata a nova adxudicación do contrato, no seu caso.

8.Moción número 15/891 presentada polos concelleiros Perfecto Barcala e Xabier Canabal

Con data 7 de maio recíbese a seguinte moción presentada polos concelleiros Perfecto Barcala e Xabier Canabal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Primeiro: O pasado 20 de abril de 2015, o Concello púxose en contacto co ADIF, ao fin de que estes procederan ao arranxo do camiño público afectado polas obras de mantemento e reforma de noiros no lugar de Ramil – Lestedo, ao fin de que se tomaran as medidas de seguridade necesarias, para que calquera persoa ou vehículo que circule pola vía municipal paralela non corra o máis mínimo perigo de caerse ás vías do ferrocarril.

Segundo: O 27 de abril de 2015 o ADIF contesta ao concello que non se producira ningún desperfecto nos camiños públicos, e que a falta de protección, bionda, etc. a debe realizar o propietario do camiño como marca a lexislación vixente como responsable da seguridade dos usuarios do mesmo.

Terceiro: O 30 de abril de 2015 foi a propia Asociación de Veciños de Lestedo quen mediante escrito se puxo en contacto co Concello ao fin de que se tomen as medidas oportunas de seguridade para evitar males maiores.

Tendo en conta a perigosidade existente, con risco de que calquera veciño ou vehículo caia por este talud, e tendo en conta tamén o estado calamitoso da actual vía municipal, tal e como pode observarse nas fotografías que axuntamos á presente moción, sometemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: A colocación inmediata por parte do concello das medidas de seguridade na zona, con independencia de que o Concello a posteriori poida reclamar os custos ao ADIF.

Segundo: Proceder ao aglomerado desta estrada municipal, que está nun estado lamentable, (comezar o antes posible coa promesa das fochas).

Di o señor Canabal que só pretende que non se produza algún accidente, pois a situación é moi perigosa.

Poderíanse colocar algúns valos ou varandas.

Responde o señor alcalde que xa se fixeron os trámites necesarios para o arranxo, pero aínda así procurárase poñer algún elemento de protección ata o seu arranxo definitivo polo ADIF.

Por unanimidade apróbase esta moción número 15/891 presentada polos concelleiros Perfecto Barcala e Xabier Canabal

9. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 9/03/2015 ata o 8/05/2015, do que se dan por informados.

10. Rogos e Preguntas.

Neste intre fíxose entrega por erro ao señor Canabal da contestación á pregunta formulada no pleno anterior polo señor Barcala, que a continuación se transcribe e que se fará entrega de inmediato ao señor Barcala:

Resposta da alcaldía

(En relación coa pregunta formulada polo señor Barcala Mosquera no Pleno ordinario de 11 marzo de 2015)

1. ¿Que se vai facer co escombros do local social de Noente (Ledesma) que aparece amoreado no monte, sen reciclar e sen limpar. Existe un protocolo de actuación que ven en todos os proxectos. ¿Qué pasou aquí para non levalo a cabo? Por enriba de facer unha animalada enchendo unha carballeira de formigón, aínda non limpan nin recollen os restos das súas excentricidades.

Resposta:

O material amoreado no monte vaise retirar e levar para un vertedoiro autorizado. De feito ía ser retirado por uns veciños que o solicitaran por que lles facía falta.

A continuación, o señor Canabal fai a seguinte

1. En período electoral o equipo de goberno foi inaugurar a depuradora de Loureda sen invitar aos concelleiros da oposición.

Responde o señor alcalde que foi antes.

Di o señor Canabal que foi despois da convocatoria das eleccións.

Responde o señor alcalde que foi o 19 de abril e para asegurarse pódese comprobar na placa que alí foi colocada.

2. Non hai ningún enganche feito, precisamente pola presa con que o fixeron.

Responde o señor alcalde que está feita a solicitude.

3. A depuradora está proxectada para o servizo de 150 habitantes e sen embargo poden ser utilizados por moitos máis polo que non tería cabida suficiente e logo virán multas de “Augas de Galicia”

Responde o señor alcalde que tivo unha xuntanza cos veciños e a todos lles quedou claro o que se ía facer.

O señor Barcala di que Espina&Delfín xa foi tres veces para achicar a auga

O señor Barcala fai os seguintes ROGOS:

1. Que se rotulen todos os vehículos do concello co anagrama de “Concello de Boqueixón”.

PREGUNTAS

1. ¿Fixeron vostedes algo para solucionar o problema do abandono do Entorno de Pico Sacro e para repoñer os balaústres , e adecentar os espazos naturais alí existentes, como eu lle roguei fai máis dun ano?

Responde o señor alcalde que esa obra foi feita pola Consellería de Medio Ambiente.

2. Continuando cos nosos contornos paisaxísticos ¿que actuacións levan feitas con respecto da limpeza da Ponte de Ledesma, teñen vostedes algunha resposta concreta sobre esta ponte, máis alá das promesas electorais, que a día de hoxe nas cree ninguén? ¿Recibiron contestación dalgunha Administración?

Responde o señor alcalde que é a asociación de veciños a que anda facendo algo.

3. ¿Qué pasou co famoso saneamento de Loureda, parece que foi inaugurado a bombo e platillo en época electoral, con prohibición expresa destes actos no momento de inauguración, está realmente inaugurado de forma oficial?

¿Van a solucionar as numerosas queixas dos veciños, sobre esta inmensa chapuzade saneamento que fixeron en Loureda?

Realmente é unha obra de saneamento ou de abastecemento, porque pola cantidade de auga que alí entra na fosa, máis ben parece de abastecemento Iso indica o nivel de eficiencia construtiva do equipo redactor do proxecto e da empresa que realizou a obra, sen esquecermos da labor de vixilancia das obras que ten encomendada o concello?

4. Aprobación de facturas pendentes de pago na Xunta de Goberno do 07/05/2015

Programa: 1621

Económ.:21300

Importe:1840,00 €

Concepto: Cambio de rodas camiión do lixo

¿Tanto valen as rodas do camiión do lixo?

Responde o concelleiro señor Mouriño e no mesmo sentido o concelleiro González Barral que as rodas do camiión son moi caras e neste caso non resultan tan caras porque as catro rodas.

5. Na acta da Xunta de Goberno do 7 de maio de 2015 acordan vostedes iniciar os trámites para o plan POS 2015, polo procedemento negociado sen publicidade ¿pero non están vostedes dicindo que non van usar este sistema de contratación, senón que será mediante subasta á baixa?

En qué quedamos, din unha cousa, pero fan outra.

¿Van usar vostedes este sistema? As obras teñen que estar adxudicadas antes do 1 de outubro e rematadas antes do 1 de novembro do 2016

Presuposto: 127.331,04 €. Camiño a igrexa de Lestedo a Centro de Interpretación e outros.

Condições:

Sen publicidade obrigatoria

8 días contados para presentación de proposicións

Revisión de prezos: non hai

3 empresas: Construcións CONCIFA SL , Cabanas

PROBISA, Produtos Bituminosos, SLU, Santiago

Hermanos Couto Fandiño, SL, Boqueixón

Responde o señor alcalde que o que din os demais xa se fará pero de momento farase polos procedemento negociado, e ademais publicouse na páxina web do concello.

6. ¿Taxa do lixo funeraria Casablanca?: 80,26 €

Taxa lixo Castro y Barcala: 214,03 €

Responde o señor alcalde que “Funerarias: está incluído no concepto 1214 “demais locais”, no cal non se computan empregados.

Castro y Barcala, está incluído no concepto 1207 “fábricas, talleres...” no cal se computan operarios.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace

O alcalde